



Punto da orde do día: 18

Ratificación e continuidade do modelo de achegas voluntarias ao capital social

Validar, manter e continuar coa autorización ao Consello reitor para que poida seguir emitindo achegas voluntarias até o límite dos 50 M € autorizado pola Asemblea Xeral do ano 2017, até que se esgote este importe.

Ratificar as emisións e acordos de admisión realizados polo Consello Reitor, desde ese momento, no marco das condicións fixadas pola Asemblea Xeral.

Desde Som Energia SCCL, estamos orgullosos do modelo de achegas voluntarias que implantamos até o día de hoxe. Na Asemblea de 2017, autorizouse ao Consello Reitor a emitir até 50 millóns de euros en achegas voluntarias. Desde entón, abríronse 2 emisións, unha o mesmo ano 2017 de 5 millóns de euros e outra en 2020 de 4,75 millóns de euros, que se valoraron moi satisfactoriamente, tanto pola rapidez en que se dispuxo do financiamento solicitado como pola fidelidade das persoas socias ao longo dos anos, mantendo estas achegas á cooperativa. Este modelo permitiunos ter a axilidade necesaria para financiar de xeito adecuado unha gran parte dos proxectos de enerxías renovábeis que temos en marcha e, en definitiva, as actividades da cooperativa, e agardamos continuar así os anos seguintes.

As condicións fixadas pola Asemblea Xeral para regular as achegas voluntarias até o día de hoxe podemos resumilas a continuación:

- O xuro fíxase cada ano pola Asemblea Xeral.
- A persoa socia pode solicitar o reembolso cando crea conveniente segundo as condicións fixadas polo acordo de admisión e os Estatutos da cooperativa.
- Cando se abre unha xanela de achegas voluntarias, límitase a achega durante a primeira semana a 5.000 euros por persoa, e despois da primeira semana pódese

ampliar este importe. En ningún caso se poderá superar o importe de 100.000 euros por persoa. O mínimo por achega son 100 euros.

Finalmente, os Estatutos e a lei marcan tamén unha serie de disposicións con respecto ás achegas voluntarias, citámolas a continuación sen ánimo exhaustivo:

- Transmisibilidade intervivos e mortis causa das achegas voluntarias.
- Posibilidade de rexeitamento incondicional por parte do Consello Reitor cando se supere o límite do importe do 10 % do capital social anual ou do total de 1.350.000 euros en solicitudes de reembolso (esta modificación aprobouse en 2018 coa finalidade de aumentar os fondos propios da cooperativa de acordo coa normativa contábel).
- Forma de acreditar as achegas voluntarias
- Termos e forma de levar a cabo o reembolso
- Responsabilidades da persoa socia en relación coa achega realizada (limitada ao capital social achegado).

No ano 2019, o Consello Reitor aprobou un [modelo de acordo de admisión](#) (dispoñíbel tamén na web desde entón) en que se trasladaban as resolucións da Asemblea e as disposicións dos Estatutos que regulan as achegas voluntarias, co fin de que a persoa socia poida dispor dun só documento en pdf con toda a información aplicábel, sen necesidade de acudir ás diferentes actas de Asemblea e / ou artigos de Estatutos. Á parte de trasladar os artigos de estatutos aplicábeis e as resolucións de Asemblea, desenvolvíanse os seguintes aspectos co fin de dar coherencia lóxica e legal ao texto:

- Destino das achegas sociais de acordo co obxecto social de Som Energia: favorecer a comercialización e produción de enerxía eléctrica proveniente de fontes renovábeis.
- Clarificouse que o importe máximo de 100.000 euros por persoa era en relación coa totalidade das achegas realizadas por unha soa persoa.
- Estableceuse que o xuro devindicaba a partir do día seguinte ao desembolso efectivo da achega.
- Estableceuse un dereito de desistencia e unha cláusula de privacidade de acordo coa normativa vixente.
- Deuse prioridade ao correo electrónico como forma de notificación.

Nesta moción, pregamos confirmar e dar continuidade ao modelo de achegas voluntarias que se utilizou até o día de hoxe, e en particular:

- Validar, manter e continuar coa autorización ao Consello Reitor para que poida seguir emitindo achegas voluntarias até que se esgote o importe de 50 M de euros (xa se emitiron un total de 10 M de euros en achegas voluntarias).

- Ratificar o modelo de condicións xerais e particulares aprobado polo Consello Reitor o ano 2019, así como as emisións e acordos de admisión realizados no marco das condicións fixadas pola Asemblea no que proceda.